



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Bases reguladoras da convocatoria de subvencións a asociacións de empresarios e comerciantes para actividades de promoción económica durante o ano 2025

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de maio de 2025 foron aprobadas as bases reguladoras da convocatoria de subvencións a asociacións de empresarios e comerciantes para actividades de promoción económica durante o ano 2025, que se transcriben a continuación.

Bases reguladoras da convocatoria de subvencións a asociacións de empresarios e comerciantes para actividades de promoción económica durante o ano 2025

Base 1.- Liñas xerais

O Concello de Carballo ten a vontade de favorecer a actividade económica local mediante accións de dinamización, formación e promoción dos distintos sectores económicos.

Entre as diversas medidas de apoio que a Concellaría de Promoción Económica contempla, considérase prioritario establecer unha liña de subvencións ás asociacións de empresarios e comerciantes para fomentar a realización de actividades que contribúan ao impulso do desenvolvemento económico local, tendo en conta o papel destas entidades como representantes e interlocutores do tecido empresarial, así como a súa capacidade para realizar funcións de asesoramento e apoio técnico, o que as configura como un pilar fundamental na estratexia de reactivación económica local que está a desenvolver a Concellaría.

Base 2.- Normativa aplicable

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas polo Concello de Carballo ás asociacións de comerciantes e empresarios está constituído polas leis e disposicións que se citan a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como por cantas outras normas, legais ou regulamentarias, que conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no devandito ámbito:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Carballo

Base 3.- Finalidade e obxecto

A presente convocatoria de subvencións ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas económicas ás asociacións de empresarios e comerciantes do municipio de Carballo para impulsar accións de dinamización, programas de formación e actividades de promoción económica local durante o ano 2025.

Con estas subvencións o Concello de Carballo pretende contribuír ao desenvolvemento económico e á promoción do tecido asociativo de carácter empresarial do municipio.

Base 4.- Crédito orzamentario

O importe total destinado á concesión destas subvencións é de SETENTA E CINCO MIL EUROS (75.000 €), gasto imputable á aplicación orzamentaria 4310/48900 "Subvencións entidades empresariais de interese local" do Orzamento Municipal para 2025 (retención de crédito nº 220250003676).

Base 5.- Requisitos das entidades solicitantes

Poderán concorrer á presente convocatoria de subvencións as asociacións de empresarios e comerciantes, xuridicamente constituídas, que cumpran os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro
- Ter a sede social e o domicilio fiscal no Concello de Carballo
- Desenvolver a súa actividade dentro do ámbito municipal

- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda económica concedida polo Concello de Carballo
- Estar inscritas no rexistro municipal de asociacións
- Estar ao corrente das súas obrigas coa facenda pública, co concello de Carballo e coa Tesourería da Seguridade Social
- Non estar incursas nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvencións da Administración pública previstas no art. 13 da Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro.
- Dado que a tramitación será telemática, a entidade deberá dispoñer dun único enderezo de correo electrónico durante toda a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións, requirimentos e notificacións a través do representante designado na solicitude. Excepcionalmente, e de xeito xustificado, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando lle notifique a circunstancia pertinente ao Concello de Carballo.

Base 6.- Actividades e gastos subvencionables

6.1. As actividades subvencionables nesta convocatoria son as que seguen:

- Actividades de difusión, promoción e apoio do tecido empresarial local
- Actividades de formación (organización de cursos, congresos, exposicións, talleres, xornadas, seminarios..)
- Accións de dinamización da actividade económica local

6.2. Son gastos subvencionables os que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, se realicen entre o 1 de xaneiro e o 15 de novembro de 2025 e que sexan efectivamente pagados con anterioridade ao remate do prazo de xustificación.

Os gastos de carácter xeral da entidade (persoal e gastos correntes) serán subvencionables cando se adscriban á realización da actividade obxecto de subvención, co límite máximo do 50% do orzamento total subvencionable, o que deberá quedar suficientemente motivado.

6.3. Exclúense desta convocatoria:

- Os gastos de viaxes, manutención, aloxamento e atención protocolaria
- Os gastos que non se correspondan cos obxectivos da convocatoria

O importe do IVE non será subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación por parte da entidade.

Base 7.- Solicitudes e documentación

A solicitude de subvención deberase presentar no modelo normalizado que figura como anexo I a estas bases, no que se inclúe, entre outra, a seguinte información:

- Autorización para que o Concello de Carballo poida obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. No caso de que as entidades solicitantes se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no formulario de solicitude e achegar os devanditos documentos.
- Declaración comprensiva do conxunto de todas as axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente público ou privado, ou, de ser o caso, declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.
- Declaración orixinal de non estar incursas a persoa representante e a entidade nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvencións da administración pública previstas no art. 13 da Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro.
- Compromiso da entidade de facer constar a colaboración do Concello de Carballo en toda a información que realice do desenvolvemento das actividades.
- Compromiso de solicitar polo menos tres ofertas de distintos provedores cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 15.000 euros (sen IVE).

Esta solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Memoria explicativa da/s actividade/s, asinada polo representante legal e que conterá, como mínimo, os seguintes aspectos: breve descrición da actividade, carácter periódico e permanente da mesma, o seu calendario de realización ao longo do ano 2025, presuposto de ingresos e gastos da actividade coa expresión do financiamento previsto e a axuda solicitada, responsables da actividade, a súa adecuación ao interese local, número de persoas

beneficiadas directa ou indirectamente, xustificación da proposta en relación á situación económica actual e impacto positivo das actividades propostas para a visibilidade da lingua galega.

- Comunicación e solicitude de autorización ao Concello de Carballo, se é o caso, para contratar con persoas ou entidades vinculadas coa entidade solicitante
- Copia das tarxetas do CIF da entidade e do NIF da persoa representante
- Copia dos estatutos da entidade
- Certificación orixinal dos datos bancarios da entidade
- Solicitude de pago anticipado con exoneración de constitución de garantía e declaración de insuficiencia financeira para asumir os gastos de execución do proxecto (opcional)

A documentación xa obrante no poder do Concello de Carballo e que non sufrira modificacións, poderá excluírse do deber de presentación se así se solicita.

Se resultase que a documentación está incompleta ou é defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de dez días a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

Base 8.- Lugar e prazo de presentación

8.1. As solicitudes de subvención presentaranse de xeito telemático na sede electrónica do Concello de Carballo. A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na sede citada.

8.2. O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais desde a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, a través da BDNS.

8.3. No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa emenda. Pasado dito prazo sen que o interesado atenda o requirimento, entenderase que desiste da súa petición.

Base 9.- Contía da subvención

Como regra xeral, a subvención municipal poderá alcanzar ata o 80% do presuposto total do programa presentado, ata un importe máximo de 30.000 euros.

Base 10.- Procedemento de concesión e criterios de avaliación das solicitudes

O procedemento de concesión das subvencións recollidas nestas bases será o de concorrência competitiva, nos termos establecidos no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Na avaliación dos proxectos presentados teranse en conta os seguintes criterios, que se valorarán segundo a puntuación que se indica:

- Xustificación da proposta en relación á realidade económica local: 20 puntos
- Colaboración co concello no desenvolvemento de actividades de utilidade pública e interese social: 15 puntos
- Coeficiente de financiamento derivado da solicitude: 15 puntos
- Adecuación da actividade ao interese local: 20 puntos
- Número de beneficiarios/as da subvención: 20 puntos
- Impacto positivo das actividades propostas para a visibilidade da lingua galega: 10 puntos

Base 11.- Valoración das solicitudes e resolución

11.1. O órgano competente para resolver a concesión das subvencións será a Xunta de Goberno Local, logo da proposta motivada da comisión avaliadora correspondente.

11.2. A Comisión Avaliadora será nomeada por resolución de Alcaldía, actuando como secretario/a sen voto un/unha funcionario/a do Concello de Carballo, e estará composta ademais polas seguintes persoas:

Presidencia: Alcalde ou Concelleiro en quen delegue

Vogais: Técnica de Turismo e Técnica de Promoción Económica do Concello de Carballo.

11.3. A comisión de avaliación outorgará a cada solicitude unha puntuación de acordo cos criterios establecidos na Base 10. A contía da subvención estará en función dos puntos obtidos. A fórmula para determinar a contía da subvención será:

Contía da subvención (CMS) = Valor punto x puntos obtidos pola actividade ou proxecto

Cálculo de valor de cada punto:

Valor punto = Presuposto total (75.000 €) / Total de puntos obtidos por todas as actividades ou proxectos.

Por regra xeral a subvención municipal non superará o 80% do orzamento total do proxecto ou actividade.

Se unha vez aplicada a fórmula e feito o reparto entre as entidades subvencionadas existise sobranse, este repartirase segundo a fórmula adaptada:

$CMS2 = \text{Valor punto} \times \text{puntos obtidos}$

Valor punto = Importe sobranse / Total de puntos obtidos por todas as actividades ou proxectos

E así sucesivamente ata esgotar a contía asignada a esta convocatoria.

En ningún caso o importe da subvención será superior á cantidade solicitada.

11.4. A comisión avaliadora formulará proposta de resolución de concesión, debidamente motivada, que deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención e a súa contía, así como as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite, no seu caso.

11.5. Á vista da proposta da comisión avaliadora, a Xunta de Goberno Local adoptará acordo de concesión definitiva das subvencións.

Base 12.- Notificacións

12.1. O acordo de concesión notificarase aos interesados propostos como beneficiarios na forma prevista na Lei 39/2015, de 1 de outubro, para que no prazo de 10 días comuniquen a aceptación ao Concello de Carballo. Transcorrido o prazo sen terse producido a aceptación expresa, a subvención entenderase tacitamente aceptada.

12.2. O acordo publicarase mediante anuncio público no Taboleiro de Anuncios do Concello de Carballo e na páxina web municipal <http://www.carballo.gal> e será notificado de forma individual a cada un dos solicitantes, no prazo de dez días a partir da data na que se dite o acordo de aprobación polo órgano competente.

Base 13.- Reformulación de solicitudes

Se o importe da subvención concedida é inferior ao solicitado, de acordo co establecido na Lei Xeral de Subvencións e no seu regulamento, as subvencións reformularanse de forma automática, entendéndose deste xeito que o beneficiario estará comprometido a realizar a actividade subvencionada cun presuposto total que poderá ser reducido na mesma porcentaxe na que se diminuíu o importe da subvención concedida.

Base 14.- Cambios de obxecto

A entidade poderá solicitar, razoadamente, o cambio de obxecto da subvención, para o que deberá achegar o proxecto adaptado ao novo obxecto. O proxecto adaptado deberá respectar a finalidade da subvención.

O simple cambio dalgún dos conceptos de gasto non se considerará cambio de obxecto, tampouco o cambio de lugar onde se faga a actividade, pero haberá que comunicarlle ao Concello esa circunstancia antes de iniciala.

Base 15.- Pagamento

Debido ás características dos destinatarios e a natureza das iniciativas obxecto das subvencións, o pago das mesmas será anticipado, supoñendo entrega de fondos con carácter previo e aboaranse do xeito seguinte: unha vez publicada a resolución de concesión da subvención, realizarase un anticipo do 50% do total concedido. Unha vez xustificada a subvención debidamente realizarase o pago do 50% restante.

Cando o importe da subvención exceda de 3.000 €, o beneficiario deberá presentar previamente garantía suficiente. A garantía constituirase por importe igual á cantidade de pago a conta anticipado incrementado nun 5%.

En base ao previsto no artigo 42 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, por tratarse dun procedemento en concorrencia, e dada a natureza das actividades subvencionadas en canto ao seu especial interese social, poderase exonerar da constitución de garantía a aqueles beneficiarios que xustifiquen especiais características mediante declaración da insuficiencia financeira para asumir os gastos que se deriven do proxecto subvencionado.

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta bancaria sinalada polo beneficiario.

Base 16.- Xustificación e pagamento

16.1. Prazo de xustificación

O prazo de xustificación das subvencións rematará o día 15 de novembro de 2025. A documentación xustificativa deberá presentarse de xeito telemático na sede electrónica do Concello de Carballo, con destino ao Servizo de Promoción Económica, o cal deberá conformar dita xustificación.

Vencido o prazo de xustificación sen que a entidade presentara documentación xustificativa, requiriráselle para que a presente no prazo improrrogable de 15 días dende a notificación.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a renuncia á subvención outorgada, sen prexuízo das responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións.

16.2. Consideracións xerais

a. O orzamento subvencionado para xustificar e poder cobrar a subvención calcularase como resultado de dividir o importe da subvención concedida polo coeficiente de financiamento.

No caso de ter outras subvencións ou ingresos propios para o mesmo obxecto que, en concorrencia coa subvención do Concello de Carballo, teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o orzamento subvencionado para xustificar será a suma das subvencións e ingresos.

O gasto xustificado documentalmente deberá acadar, polo menos, o importe do orzamento subvencionado para xustificar.

b. As subvencións son compatibles con outras axudas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para a mesma actividade.

O importe das subvencións concedidas en ningún caso poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo total da actividade desenvolvida pola entidade beneficiaria.

c. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

16.3. Documentación xustificativa

As entidades beneficiarias deberán presentar, no prazo establecido para a xustificación, a seguinte documentación, que forma a conta xustificativa simplificada:

a. Memoria xustificativa da realización das actividades realizadas e grao de cumprimento dos obxectivos, que en todo caso conterá os seguintes datos: nome da actividade, descrición e contido, datas de realización, número de beneficiarios, resultados obtidos e as desviacións acaecidas. O Concello de Carballo poderá solicitar calquera outra documentación que proceda aos efectos de comprobar a veracidade da memoria e o cumprimento das condicións esixidas.

b. Relación clasificada de gastos realizados, asinada polo secretario da entidade, co visto e prace do seu presidente, e con identificación dos acredores (nome da entidade ou nome e apelidos e CIF ou NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documento (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión e data de pago).

Para os gastos de persoal indicárase para cada traballador/a e mes: a data, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social con cargo á entidade, así como a xornada laboral de cada traballador/a que se lle impute á actividade que se está a xustificar.

De conformidade co art. 29.7.d da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no caso de que na declaración de gastos figuren acredores, tanto persoas físicas como xurídicas vinculadas coa entidade beneficiaria estes deberán corresponderse cos indicados na solicitude de subvención das presentes bases. Así mesmo os ditos gastos deberán axustarse aos prezos de mercado.

c. Relación detallada de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos, das subvencións doutras Administracións Públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos ingresos que xere a propia actividade subvencionada, ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

No caso de concorrencia de subvencións públicas que estean xustificadas, poderá achegarse certificación da administración que lla concedeu, na que se detallen os conceptos subvencionados e os importes xustificados, así como o período ao que se refiren os gastos.

d. Declaración do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración do Concello de Carballo en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixera das actividades subvencionadas así como da utilización da lingua galega nos termos da presente convocatoria.

e. Desviacións acaecidas sobre o orzamento presentado coa solicitude.

f. No caso de non lle ter dada a autorización correspondente ao Concello de Carballo, certificación acreditativa de estar ao corrente das súas obrigas tributarias.

g. Certificación acreditativa de estar ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social.

16.4. Tramitación da xustificación

a. Unicamente se admitirán xustificantes correspondentes a proxectos de actividades realizados entre o 1 de xaneiro e o 15 de novembro de 2025 e as facturas estarán pagadas antes do remate do prazo de xustificación.

b. Á vista da documentación xustificativa presentada, logo dos informes previos do servizo de Promoción económica e despois da súa fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados e, se a documentación se considera correcta, procederase ao pagamento da subvención.

c. Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifique gasto polo 100% do orzamento subvencionado para xustificar, aboarase a totalidade da subvención.
- No caso de que se xustifique gastos inferior ao 100% e, polo menos do 50% do orzamento subvencionado para xustificar, aboarase a parte proporcional da subvención.
- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 50% do orzamento subvencionado para xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.
- No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa emenda. Pasado o dito prazo sen que o interesado atenda o requirimento, entenderase que desiste da súa petición, ditándose resolución que deberá ser notificada ao beneficiario.
- O Concello de Carballo poderá requirir da entidade beneficiaria a documentación que estime pertinente para os efectos de comprobar o cumprimento da finalidade da subvención.
- No caso de non atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e teña xustificado o cumprimento das condicións da subvención, advertirase ao beneficiario de que non se procederá ao seu pagamento, agás que xustifique ter regularizado a súa situación tributaria ou social.

16.5. Técnicas de mostraxe:

No cumprimento do disposto no artigo 75.3 do Real Decreto 87/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, comprobarase a documentación relativa aos xustificantes de gasto, forma de pago dos mesmos de acordo coa base 17.i) e toda aquela documentación que se estime oportuna co fin de permitir obter evidencia razoable sobre a axeitada aplicación da subvención.

Para esta labor de mostraxe, tomarase como guía o Manual de Procedementos de fiscalización e regularidade, do Tribunal de Contas, aprobado polo Pleno do Tribunal de Contas o 30 de xuño de 2015. Utilizarase como método de mostraxe, un mostraxe aleatorio simple.

Base 17.- Obrigas das entidades beneficiarias

As entidades receptoras da subvención estarán obrigadas a:

- a) Organizar e realizar a actividade para a que foi concedida a subvención dentro dos prazos previstos e acreditar o seu cumprimento mediante a presentación da documentación xustificativa prevista no punto 16.3.
- b) Facer constar a colaboración a colaboración do Concello de Carballo, en toda a información (impresa, informática ou audiovisual que se fixera das actividades subvencionadas, acompañada se procede, do logotipo correspondente, nun lugar e tamaño destacado con respecto a outros posibles colaboradores, excepto no suposto de que algunha das actividades rematase antes da presentación da solicitude.
- c) As publicacións, cartelería, a publicidade e toda a produción das actividades deberán estar en lingua galega, conforme ao establecido na Ordenanza para o impulso social da lingua galega do Concello de Carballo.
- d) No caso de que a actividade se realice na vía pública ou ao aire libre, dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que cubra esta actividade.
- e) Colaborar no seguimento ou solicitude de información que realice o Concello.
- f) Comunicar calquera outra subvención que soliciten ou que se lles conceda para a mesma finalidade.
- g) Estar ao corrente das súas obrigas co Concello de Carballo, a Seguridade Social e a Axencia Tributaria.
- h) Someterse aos procedementos de control ou de auditoría que realice o Concello de Carballo, e tamén, na súa condición de quen subscribe a conta, aos procedementos de control que poida realizar o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo. Como resultado dos ditos procedementos poderase esixir responsabilidade administrativa, consonte ao disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e, no seu caso, responsabilidade penal, de conformidade co Código penal.

- i) Utilizar, con carácter xeral, formas de pago a terceiros que poidan ser acreditadas mediante un documento expedido por unha entidade financeira (transferencia bancaria, tarxeta de crédito, tarxeta de débito, cheque ou talón nominativo, etc..) no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago e coa conformidade suficientemente acreditada do contratista ou proveedor na correspondente factura en caso de pagos en efectivo. Só se utilizará o pago en efectivo por importes ata 300,00 euros.
- j) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante un mínimo de catro anos, que se han contar dende a data da percepción ou cobramento da subvención, en tanto que poderán ser obxecto das correspondentes actividades de control.
- k) Utilizar, con carácter xeral, unha linguaxe non sexista e inclusiva, elaborar materiais que fomenten a igualdade, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.
- l) No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. (De acordo coa Lei orgánica 1/1196, de protección xurídica do menor, de modificación do Código Civil e da lei de axuízamento civil).
- m) Asumir todas as responsabilidades legais e civís das actividades que se realizan
- n) Cumprir con calquera outra obriga reflectida no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pagamento da subvención ou coa apertura do expediente de reintegro da subvención indebidamente percibida.

Base 18.- Incorporación ao Rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

No cumprimento do disposto no artigo 18.2. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, o Concello de Carballo remitirá á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre a concesión de subvencións.

Base 19.- Fin da vía administrativa

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Alcalde deste Concello, no termo dun mes a contar desde o día seguinte da recepción da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña.

Disposición adicional primeira

Para os efectos de salvagarda do dereito das entidades participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos dispostos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao Rexistro Público de Subvencións.

Disposición adicional segunda

En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor das entidades solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

Disposición adicional terceira

O Concello quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera outra derivada das actuacións ás que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

Disposición adicional cuarta

A participación na convocatoria supón a aceptación das súas bases reguladoras.

CONCELLARÍA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Oficina de Promoción Económica

Museo de Bergantiños

Rúa Martín Herrera, 8

981 709012

www.carballo.gal

ANEXO I

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS DE EMPRESARIOS E COMERCIANTES PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA 2025

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME

CIF

Correo electrónico:

Enderezo

Código Postal

Localidade

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

EXPÓN

Que tendo coñecemento da Convocatoria de subvencións a asociacións de empresarios e comerciantes para actividades de promoción económica durante o ano 2025,

SOLICITA:

A participación na presente convocatoria e unha subvención por un importe de _____ € para a realización das actividades que constan na memoria adxunta cun orzamento total de _____ €

DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que solicita esta subvención

☐ Sí solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

Así mesmo comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Que o número de conta bancaria (co IBAN) a nome da entidade beneficiaria ou solicitante da axuda é o seguinte:

ES																						
----	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos

4. Non estar incursos nin o representante nin a entidade nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvencións da Administración pública previstas no art. 13 da Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro

5. Que se compromete a facer constar a colaboración do Concello de Carballo en toda a información que realice do desenvolvemento das actividades

6. Que se compromete a solicitar polo menos tres ofertas de distintos provedores no caso de gasto superior a 15.000 euros

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- ☐ Memoria explicativa da/s actividade/s
- ☐ Copia da taxeta do CIF da entidade
- ☐ Copia do NIF da persoa representante
- ☐ Copia dos estatuto da entidade
- ☐ Certificación orixinal dos datos bancarios da entidade
- ☐ Comunicación e solicitude de autorización ao Concello de Carballo para contratar con persoas ou entidades vinculadas coa entidade solicitante
- ☐ Solicitude de pago anticipado con exoneración de constitución de garantía e declaración de insuficiencia financeira para asumir os gastos de execución do proxecto (opcional)

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que os solicitantes se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos devanditos documentos	OPÓÑOME Á CONSULTA
☐ Certificación de estar ao día nas súas obrigas coa Seguridade Social	☐
☐ Certificación de estar ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria	☐

Carballo, de de 202_
Asdo:

Carballo, 21 de maio de 2025

0 Alcalde

D. Evencio Ferrero Rodríguez

2025/3282